

Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de marzo de 2025, de ratificación da actualización do Regulamento ou especificacións do Plan de pensións “Empregados e empregadas do Parlamento de Galicia, plan de pensións”

A Mesa do Parlamento de Galicia, na sesión do 10 de marzo de 2025, adoptou o seguinte acordo:

1.º) Ratificar a actualización do Regulamento ou especificacións do Plan de Pensións “Empregados e empregadas do Parlamento de Galicia, plan de pensións” segundo o indicado no artigo 39 do regulamento do plan.

2.º) Publicar no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* a actualización do Regulamento ou especificacións que son as seguintes:

ÍNDICE

I. DENOMINACIÓN, NATUREZA E CARACTERÍSTICAS

II. ÁMBITO PERSOAL

III. DEREITOS E OBRIGAS DO PROMOTOR, DAS PERSOAS PARTICÍPES E DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

IV. RÉXIME FINANCEIRO DO PLAN: ACHEGAS

V. RÉXIME FINANCEIRO DO PLAN: PRESTACIÓNS

VI. ORGANIZACIÓN E CONTROL

VII. MODIFICACIÓN E LIQUIDACIÓN

VIII. INSTANCIAS DE RECLAMACIÓN



CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, NATUREZA E CARACTERÍSTICAS

Artigo 1. Denominación

As presentes especificacións do plan de pensións denominado "EMPREGADOS E EMPREGADAS DO PARLAMENTO DE GALICIA, plan de pensións", cuxo promotor é o Parlamento de Galicia, regulan as obrigas e dereitos do promotor, persoas partícipes e persoas beneficiarias do plan, de xeito que constitúe o seu réxime xurídico.

Artigo 2. Natureza e duración

1. Este plan de pensións regularase polas presentes Especificacións e, no non previsto nestas, polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de regulación dos plans e fondos de pensións e polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, que aproba o Regulamento de plans e fondos de pensións e por cantas disposicións de calquera rango que, actualmente ou no futuro, puideren serlle aplicables.

2. A duración deste plan de pensións é indefinida.

Artigo 3. Modalidade

Este plan de pensións configúrase como unha institución de previsión de carácter privado, voluntario e libre que, por razón dos seus suxeitos constituíntes, se encadra na modalidade de sistema de emprego e, por razón das obrigas estipuladas, é un plan de achega definida para todas as continxencias.

Artigo 4. Adscrición a un fondo de pensións

1. O presente plan de pensións integrárase no fondo de pensións "ABANCA Xubilación II, fondo de pensións", inscrito na Dirección Xeral de Seguros co número F-0826.

2. As achegas do promotor e das persoas partícipes, nos termos previstos nas presentes Especificacións, integraranse no mencionado fondo de pensións. As devanditas achegas, xunto cos seus rendementos netos e os incrementos patrimoniais que xeren, aboaranse na conta de posición que o plan manteña no fondo. O pagamento das prestacións correspondentes, así como os gastos adicionais que se produzan, efectuaranse con cargo á devandita conta.



CAPÍTULO II

ÁMBITO PERSOAL

Artigo 5. Suxeitos constituíntes

Son suxeitos constituíntes deste plan de pensións:

- a) O Parlamento de Galicia, como promotor do plan.
- b) As persoas partícipes, en cuxo interese se crea o plan.

Artigo 6. Elementos persoais

Son elementos persoais deste plan de pensións:

- a) Os suxeitos constituíntes.
- b) As persoas beneficiarias.

Artigo 7. Partícipes

Para acceder como partícipe ao plan de pensións requírese a condición previa de ser empregado/a do promotor. Ten a consideración de persoa empregada a totalidade do persoal vinculado co promotor por unha relación laboral ou funcionarial na data de formalización deste plan ou con posterioridade, conforme a lexislación aplicable.

No presente plan de pensións estableceuse, inicialmente, dous colectivos en función da idade das persoas empregadas no 1 de xaneiro de 2001, o tipo de contrato e a data de adhesión ao plan de pensións:

Colectivo A: No que se integran todas as persoas empregadas do promotor con contrato indefinido que no 1 de xaneiro de 2001 teñan 45 ou máis anos de idade e se adhiran ao plan de pensións desde o momento da súa constitución.

Colectivo B: No que se integra o resto de persoas empregadas do promotor con contrato indefinido, así como as que, tendo contrato temporal, contén cunha antigüidade igual ou superior a 2 anos e tamén as que procedan do colectivo A como consecuencia da suspensión temporal da relación laboral ou funcionarial por un prazo superior a un ano, de acordo co previsto no artigo 8.2.b. do Regulamento do plan, ou como consecuencia de solicitar a prolongación no servizo activo tras reunir os requisitos para a xubilación de acordo co previsto no artigo 27 do Regulamento do plan.



Actualmente, ao non existiren máis partícipes que reúnan as condicións do colectivo A, queda establecido un único colectivo con base no seguinte criterio:

Persoas empregadas do promotor con contrato indefinido, así como as que, tendo contrato temporal, contén cunha antigüidade igual ou superior a 1 mes.

Artigo 8. Partícipes en suspenso

1. Consideraranse persoas partícipes en suspenso aquelas que non efectúen achegas directas nin imputadas ao plan.
2. As situacións que determinarán a suspensión das achegas do promotor a favor das partícipes son as seguintes:
 - a) Extinción da relación laboral ou funcionarial co promotor. Neste caso a persoa partícipe estará obrigada a mobilizar o seu dereito consolidado a outro plan de pensións ou plan de previsión asegurado nun prazo máximo de 3 meses. En tanto non se produce o devandito traslado, mantense de alta no plan como partícipe en suspenso, pero non lle serán admitidas achegas de carácter voluntario.
 - b) Suspensión temporal da relación laboral ou funcionarial co promotor por un prazo superior a un ano. Neste caso producirase a interrupción da achega do promotor con dereito á súa reactivación ao reintegrarse ao servizo activo.
3. No caso de que o promotor non realice achegas a favor dunha persoa partícipe por se atopar na situación recollida no punto 2. b) anterior, a mencionada partícipe podería seguir efectuando achegas de carácter voluntario.
4. Só no caso de non se realizar ningunha achega, directa nin imputada, ao plan pasará a partícipe en suspenso.
5. As persoas partícipes en suspenso manterán os seus dereitos políticos (voto para a elección da Comisión de Control) e económicos (dereito consolidado de acordo co establecido no artigo 28 das presentes Especificacións) no plan.
6. Actualmente, ao non existiren máis partícipes que reúnan as condicións do colectivo A, queda establecido un único colectivo con base no criterio legal de: persoas empregadas do promotor con relación funcionarial, contrato laboral ou persoal eventual en servizo activo no 31 de decembro de cada ano e antigüidade superior a 1 mes.

Artigo 9. Beneficiarias

Serán beneficiarias do plan aquelas persoas físicas que, sendo ou non partícipes del, teñan dereito á percepción de calquera prestación prevista nas presentes Especificacións.



Artigo 10. Alta dunha persoa partícipe no plan

1. No momento de constituír o plan de pensións as persoas físicas que reúnan as condicións exixibles para seren partícipes causarán alta no colectivo correspondente do plan de forma automática, unha vez formalizado este, agás que comuniquen por escrito á Comisión de Control do plan de pensións, dentro do prazo establecido para ese efecto, a súa vontade de non se incorporaren ao plan.

2. Para altas posteriores á constitución do plan, quen se ache en condición de se acoller ao plan conforme o disposto no artigo sétimo poderá exercer o seu dereito de adhesión causando alta no plan desde o momento en que comunique por escrito ao promotor que exercita o mencionado dereito.

Os dereitos das persoas partícipes no plan considéranse desde a data efectiva en que estas se adhiran a el.

3. Cada partícipe poderá solicitar que lle sexa expedido un certificado acreditativo da súa pertenza e integración ao plan de pensións. Este certificado, que expedirán conxuntamente a entidade xestora e a entidade depositaria, será persoal e intransferible.

Artigo 11. Baixa dunha persoa partícipe no plan

As partícipes causarán baixa no plan:

- a) Cando se produza algunha das continxencias previstas nel.
- b) Cando cese definitivamente a relación laboral ou funcionarial co promotor e traslade os seus dereitos consolidados. En tanto non se produce o devandito traslado, mantense de alta no plan como partícipe en suspenso.
- c) Por terminación do plan, debendo procederse a transferir os seus dereitos consolidados a outro plan de pensións.

Artigo 12. Alta dunha persoa beneficiaria no plan

Adquirirán a condición de beneficiarias:

- a) As persoas partícipes que exerzan o dereito a percibir a prestación que lles corresponda ao se producir algunha das seguintes continxencias:
 - Xubilación.
 - Invalidez: grande invalidez, incapacidade absoluta e permanente para todo traballo ou incapacidade total e permanente para a profesión habitual.



- Dependencia severa ou gran dependencia da persoa partícipe regulada na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

b) As persoas físicas que, por morte da persoa partícipe, exerzan o dereito a percibir prestacións de viuvez, orfandade ou calquera outras en favor das persoas herdeiras da partícipe ou persoas por ela designadas, segundo a última designación expresa de persoa beneficiaria efectuada por esta.

Na falta de designación expresa por parte da persoa partícipe, serán beneficiarias, por orde de preferente e excluínste:

- 1.O ou a cónxuxe da persoa partícipe non separada legalmente ou parella de feito legalmente recoñecida.
- 2.Os fillos ou fillas da persoa partícipe por partes iguais.
- 3.Os proxenitores da persoa partícipe por partes iguais.
- 4.As persoas herdeiras legais.

c) As persoas físicas que, por falecemento dunha persoa beneficiaria, exerzan o dereito a percibir prestacións de viuvez, orfandade ou en favor doutras persoas herdeiras ou persoas designadas cando a persoa beneficiaria falecida estiver a cobrar unha modalidade de prestación reversible.

Artigo 13. Baixa dunha persoa beneficiaria no plan

As persoas beneficiarias causarán baixa no plan:

Cando cobren a prestación íntegra en forma de capital.

Cando cobren a prestación en forma de renda en caso de falecemento ou cando perciban a totalidade dos pagamentos de renda estipulados.



CAPÍTULO III

DEREITOS E OBRIGAS DO PROMOTOR, DAS PERSOAS PARTICIPES E DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Artigo 14. Dereitos do promotor

- a) Corresponde ao promotor ter a súa representación na Comisión de Control do plan de pensións nos termos previstos no capítulo VI das presentes Especificacións.
- b) Solicitar das persoas partícipes os datos persoais e familiares necesarios para determinar as súas achegas ao plan.

Artigo 15. Obrigas do promotor

Será obriga do promotor efectuar o desembolso das achegas imputables ás persoas partícipes previstas nas presentes Especificacións na forma, os prazos e a contía comprometidos.

Así mesmo, deberá facilitar os datos que, sobre os empregados e empregadas, lle foren requiridos co obxecto de realizar as correspondentes valoracións actuariais.

Artigo 16. Dereitos das persoas partícipes

Son dereitos das persoas partícipes do plan os seguintes:

- a) A titularidade dos recursos patrimoniais nos que, a través do correspondente fondo, se materialice e se instrumente o plan de pensións.
- b) Os seus dereitos consolidados individuais.
Os dereitos consolidados só se farán efectivos para o pagamento das prestacións previstas no plan, ou nos casos previstos nestas Especificacións para a súa integración noutro plan de pensións.
- c) Mobilizar a outro plan de pensións ou plan de previsión asegurado os seus dereitos consolidados, nas seguintes circunstancias:
- Por cesamento definitivo da súa relación laboral ou funcionarial co promotor.
 - Por terminación do plan.

A solicitude de mobilización deberá ser notificada por escrito á entidade xestora do fondo no que estea integrado o plan de pensións ou á entidade aseguradora do plan de previsión asegurado, indicando o novo plan de pensións ou plan de previsión asegurado no que se integra e anexando unha certificación emitida pola entidade xestora do fondo



de pensións ou aseguradora a que pertenza este novo plan, na que conste que se acepta a devandita integración.

A transferencia dos dereitos consolidados da persoa partícipe ao novo plan efectuarase nun prazo non superior ao legalmente establecido, desde a recepción pola entidade xestora de toda a documentación anterior.

No caso de cesamento definitivo da relación laboral ou funcionarial, a mobilización será obrigatoria nun prazo máximo de 3 meses. Se en tres meses a persoa partícipe non comunicou o plan ao que quere mobilizar, a entidade xestora transvasarao ao plan de pensións ABANCA Renta Fija Mixta Conservador, plan de pensións.

No caso de mobilización parcial dos dereitos consolidados, seleccionaranse os dereitos consolidados ou económicos correspondentes ás achegas con maior antigüidade. No caso de existiren achegas anteriores ao 1 de xaneiro de 2007, o cliente ou clienta deberá incluír na solicitude unha indicación referente a se os dereitos consolidados ou económicos que desexa mobilizar corresponden a achegas anteriores ou posteriores á devandita data.

d) Participar, a través da Comisión de Control do plan, na supervisión do funcionamento e xestión deste mediante a elección dos seus membros e, de ser o caso, asumindo a condición de vogal ou secretario/a da devandita comisión.

e) Designar persoas beneficiarias para o caso de se producir a continxencia de falecemento. Así mesmo, poderá cambiar a devandita designación en tanto sexa partícipe do plan, agás que renuncie expresamente a ese dereito.

f) Estar informadas sobre a evolución do plan. A información mínima que recibirá a persoa partícipe será:

1. Con motivo da adhesión, e en todo momento mentres teña a condición de partícipe, estará ao seu dispor un exemplar das presentes Especificacións na sede social da entidade promotora. Entregarase un exemplar completo das vixentes Especificacións por solicitude da partícipe en calquera momento que así o solicite, como documentación acreditativa dos seus dereitos e obrigas.

2. Porase ao dispor da persoa partícipe un exemplar das presentes Especificacións, documento de información xeral, declaración dos principios da política de investimento, normas de funcionamento e contas anuais, con informe de xestión do fondo de pensións no que estea integrado o plan, e o regulamento interno de conduta, aos que se poderá acceder a través do repositorio dixital habilitado para o efecto pola entidade xestora. A antedita información poderase facilitar en papel se así se solicita.

3. Con motivo da incorporación ao plan, e se así o solicita, un certificado de pertenza ao plan.



4. Unha certificación anual das achegas directas e imputadas á persoa partícipe, realizadas durante o ano, así como unha certificación anual do valor dos seus dereitos consolidados no 31 de decembro de cada ano, distinguíndose a parte correspondente a achegas realizadas antes do 1 de xaneiro de 2007, se as houber.

5. Anualmente, remitirase a declaración das prestacións de pensión.

6. Información trimestral sobre a evolución e situación dos seus dereitos económicos no plan, así como calquera cuestión que puiden afectala, especialmente as modificacións normativas, cambios das especificacións do plan, das normas de funcionamento do fondo ou da súa política de investimentos e das comisións de xestión e depósito.

7. Así mesmo, porase ao dispor das persoas partícipes a través da rede de oficinas da entidade depositaria e/ou xestora a totalidade dos gastos do fondo na parte que sexan imputables ao plan expresados en porcentaxe sobre a conta de posición.

Artigo 17. Dereitos das potenciais persoas partícipes

As potenciais persoas partícipes terán ao seu dispor na entidade promotora o documento de información xeral sobre o plan de pensións, así como as especificacións do plan, as normas de funcionamento do fondo, a declaración de principios de política de investimento do fondo de pensións e o regulamento interno de conduta.

Artigo 18. Obrigas das persoas partícipes

É obriga da persoa partícipe comunicar á entidade xestora do fondo os datos persoais e familiares que lle sexan requiridos para causar a alta no plan e para determinar a cobranza das prestacións. Así mesmo, deberá comunicar calquera modificación que se produza nos devanditos datos.

As persoas partícipes deberán efectuar o desembolso das achegas voluntarias previstas, na forma, prazos e contía comprometidas.

Artigo 19. Dereitos das persoas beneficiarias

Corresponden ás persoas beneficiarias do plan os seguintes dereitos:

- a) A titularidade dos recursos patrimoniais nos que, a través do correspondente fondo, se materialice e se instrumente o seu plan de pensións.
- b) Ter a súa representación na Comisión de Control do plan de pensións, nos termos previstos nas disposicións legais e no capítulo VI das presentes Especificacións.



c) Percibir as prestacións que lles correspondan ao se produciren as continxencias previstas no plan.

d) Porase ao dispor da persoa beneficiaria un exemplar das presentes especificacións, o documento de información xeral, a declaración dos principios da política de investimento, as normas de funcionamento e contas anuais, con informe de xestión do fondo de pensións no que estea integrado o plan, e regulamento interno de conduta, aos que se poderá acceder a través do repositorio dixital habilitado para o efecto pola entidade xestora. A antedita información poderase facilitar en papel se así se solicita.

e) Con carácter trimestral, facilitarase información sobre a evolución e situación dos seus dereitos económicos no plan, así como outras cuestións que puideren afectar, especialmente modificacións normativas, cambios nas presentes especificacións, normas de funcionamento do fondo ou da súa política de investimentos e das comisións de xestión e depósito.

f) Así mesmo, porase ao dispor das persoas beneficiarias, a través da rede de oficinas da entidade depositaria e/ou xestora, a totalidade dos gastos do fondo na parte que sexan imputables ao plan expresados en porcentaxe sobre a conta de posición.

g) Producida e comunicada a continxencia, a persoa beneficiaria deberá recibir información apropiada sobre a prestación e as súas posibles reversións, sobre opcións de cobranza correspondentes, de ser o caso, e respecto do grao de garantía ou do risco de conta da persoa beneficiaria. De ser o caso, faráselle entrega á beneficiaria do certificado de seguro ou garantía da súa prestación, emitido pola entidade aseguradora.

h) Recibir da entidade xestora unha certificación anual das prestacións cobradas durante o ano, así como das retencións practicadas á conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Artigo 20. Obrigas das persoas beneficiarias

a) A persoa beneficiaria do plan de pensións, ou a súa representante legal, deberá solicitar a prestación sinalando, de ser o caso, a forma elixida para a súa cobranza e presentar a documentación que acredite o dereito para percibir esta que lle sexa requirida.

b) Notificar á entidade xestora os datos persoais e familiares que lle sexan requiridos para xustificar o dereito á percepción das prestacións e do seu mantemento ao longo do tempo.

Artigo 21. Protección de datos

1. Quen é o responsable do tratamento dos datos persoais da persoa interesada?



O responsable do tratamento é ABANCA VIDA E PENSÍONS DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A.U., con domicilio en Av. Da Marina 1, 3º, 15001 (A Coruña) e CIF A-15040387 (en diante, «ABANCA VIDA E PENSÍONS»).

ABANCA VIDA E PENSÍONS conta cun delegado de protección de datos persoais, formalmente designado, e ademais ten habilitada a seguinte canle de comunicación con el: privacidad@abanca.com

2. Como obtemos os datos persoais da persoa interesada?

Para dar resposta a esta pregunta débese distinguir entre as fontes das cales proceden os datos persoais da persoa interesada e a tipoloxía de datos persoais tratada por ABANCA VIDA E PENSÍONS:

a) Fontes das que proceden os datos persoais:

- A persoa interesada poderá achegar nas solicitudes que realice a ABANCA VIDA E PENSÍONS, ou no ámbito da formalización e desenvolvemento das relacións contractuais con ABANCA VIDA E PENSÍONS, diversos datos de carácter persoal (p.ex., a persoa interesada achegará determinados datos identificativos para solicitar e contratar o plan de pensións).
- A propia xestión, desenvolvemento e mantemento das relacións contractuais ou precontractuais que a persoa interesada conveña con ABANCA VIDA E PENSÍONS (p.ex., xéranse datos relativos á persoa interesada con motivo da xestión e desenvolvemento do plan de pensións que subscribise).

b. Tipoloxía de datos persoais:

- Datos identificativos e de contacto (p.ex., nome, apelidos, documento de identidade, dirección postal e electrónica, teléfono, datos de terceiros tales como persoas beneficiarias etc.).
- Datos especialmente protexidos (p.ex., determinados datos de saúde para o trámite de prestacións).

Para rematar, a persoa interesada debe saber que, no caso de que utilice o sistema de firma dixitalizada para prestar o seu consentimento no ámbito das solicitudes que presente a ABANCA VIDA E PENSÍONS e/ou dos contratos que formalizase ou formalice con esta, ABANCA VIDA E PENSÍONS levará a cabo o tratamento dos datos biométricos asociados á devandita firma. Os datos biométricos asociados á firma dixitalizada son categorías especiais de datos que comprenden, por exemplo, os trazos caligráficos da firma, como a presión e a velocidade con que se realiza, así como a inclinación do trazo. O tratamento dos devanditos datos biométricos por parte de ABANCA VIDA E PENSÍONS resulta necesario para, segundo proceda, a formulación, o exercicio ou a defensa de reclamacións que puideren exporse con motivo das relacións que a persoa interesada manteña con ABANCA VIDA E PENSÍONS.

3. Con que finalidade tratamos os datos persoais da persoa interesada?



En ABANCA VIDA E PENSÍONS tratamos os datos persoais da persoa interesada para alcanzar as finalidades que se detallan a continuación:

- Cumprir con todas as obrigas legais e normas de dereito comunitario que afectan ABANCA VIDA E PENSÍONS.
- Tramitar e xestionar as solicitudes realizadas pola persoa interesada en relación a produtos e servizos ofrecidos por ABANCA VIDA E PENSÍONS, así como para manter, desenvolver e controlar as correspondentes relacións contractuais existentes entre as partes.
- Para, segundo proceda, a formulación, o exercicio ou a defensa de reclamacións que puideren exporse con motivo das relacións que a persoa interesada manteña con ABANCA VIDA E PENSÍONS.

4. Cal é a lexitimación de ABANCA VIDA E PENSÍONS para o tratamento dos datos da persoa interesada?

A base legal do tratamento dos datos persoais da persoa interesada atópase no desenvolvemento e execución das relacións contractuais e precontractuais establecidas entre ABANCA VIDA E PENSÍONS e a persoa interesada, así como no cumprimento de obrigas legais que lle son aplicables a ABANCA VIDA E PENSÍONS.

O necesario tratamento dos datos de saúde da persoa interesada fundaméntase no consentimento expreso que a persoa interesada presta a través da firma e aceptación do presente documento.

5. A que destinatarios se comunicarán os datos persoais da persoa interesada?

Os datos persoais tratados por ABANCA VIDA E PENSÍONS para alcanzar as finalidades detalladas anteriormente poderán ser comunicados aos seguintes destinatarios, en función da base lexitimadora da comunicación.

En virtude do anterior, as seguintes comunicacións de datos perseguen garantir o correcto desenvolvemento, mantemento e control das relacións contractuais establecidas entre ABANCA VIDA E PENSÍONS e a persoa interesada ou a xestión e tramitación das solicitudes desta última en relación con produtos, servizos ou operacións, así como dar cumprimento a obrigas legais que existen realizar as mencionadas comunicacións:

- Á comercializadora do plan de pensións: ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A., para o cumprimento das obrigas que corresponden a esta última segundo o disposto na normativa sobre plans e fondos de pensións.
- De ser o caso, a outras entidades que actúen na devandita condición de comercializadoras do plan de pensións para o cumprimento das obrigas que lles corresponden segundo o disposto na normativa sobre plans e fondos de pensións.
- A ficheiros comúns do sector para a elaboración de estudos técnicos e estatístico-actuariais.



- A auditores de contas do fondo de pensións e ao Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.
- Ao ficheiro relativo ao cumprimento da lei de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.
- A organismos e administracións públicas.
- Á entidade depositaria.

6. Por canto tempo conservaremos os datos da persoa interesada?

Os datos persoais serán conservados durante a vixencia da relación contractual entre ABANCA VIDA E PENSIÓNS e a persoa interesada e, unha vez finalizada a devandita relación, serán debidamente bloqueados durante os prazos de conservación que a normativa vixente que resulte de aplicación estableza.

7. Cales son os dereitos da persoa interesada en relación ao tratamento que facemos dos seus datos persoais?

Na medida que estean recoñecidos na normativa de protección de datos aplicable en cada momento, a persoa interesada poderá exercer os seguintes dereitos en relación co tratamento dos seus datos:

- Dereito de acceso: Coñecer que tipo de datos estamos a tratar e as características do tratamento que estamos a levar a cabo.
- Dereito de rectificación: Poder solicitar a modificación dos seus datos por seren estes inexactos ou non veraces.
- Dereito de portabilidade: Poder obter unha copia nun formato interoperable dos datos que estean a ser tratados.
- Dereito á limitación do tratamento nos casos previstos na lei.
- Dereito a oporse á toma de decisións automatizadas.
- Dereito de supresión: Solicitar a supresión dos seus datos cando o tratamento xa non resulte necesario.
- Dereito de oposición: Solicitar o cesamento no envío de comunicacións comerciais nos termos antes sinalados se fosen previamente autorizados por este.
- Dereito a revogar o consentimento prestado.
- Dereito a interpor unha reclamación fronte á autoridade de control (en España, a Axencia Española de Protección de Datos).

Para o exercicio de calquera destes dereitos, a persoa interesada poderá dirixirse a ABANCA VIDA E PENSIÓNS a través dalgunha das seguintes canles:

- Dirección Postal: Avenida da Marina 1, 3º, 15001 (A Coruña).
- Correo electrónico: sacvidaypensiones@abancaseguros.com



CAPÍTULO IV

RÉXIME FINANCEIRO: ACHEGAS

Artigo 22. Sistema de financiamento do plan

1. O Sistema financeiro-actuarial que adoptará o presente plan é o de capitalización financeira individual para as achegas definidas e de capitalización actuarial individual para as prestacións definidas.
2. Constituirase un fondo de capitalización integrado polas achegas realizadas para tal fin, e os resultados dos investimentos atribuíbles a estas, deducidos os gastos e quebrantos que lle sexan imputables.
3. O plan de pensións non asume a cobertura de ningún risco relacionado coas prestacións previstas. O plan de pensións tampouco garante un interese mínimo ás persoas partícipes.

Cando se devindiquen prestacións en forma de renda que supoña a asunción dalgún tipo de risco o plan contratará o aseguramento das devanditas prestacións cunha compañía aseguradora designada para ese efecto, mediante a correspondente póliza, cuxo tomador será o plan de pensións representado polo presidente ou presidenta da Comisión de Control.

Artigo 23. Achegas ao plan

1. As achegas ao plan de pensións serán efectuadas:

- Polo promotor.
- Polas persoas partícipes, de ser o caso.

As achegas efectuadas ao plan integraranse necesariamente na conta que o fondo manteña na súa entidade depositaria na data da súa devindicación. Estas achegas terán carácter irrevogable desde o momento da súa devindicación, aínda que non se fixesen efectivas, e sen prexuízo do indicado no artigo 25.

2. As achegas do promotor serán:

- O importe actual revalorizado nos termos que determine anualmente a lei de orzamentos do Estado.

Esta achega definida devindicarase anualmente e será ingresada polo promotor na conta de posición que o plan manteña no fondo.



O promotor non efectuará achegas a aquelas persoas partícipes que se atopen en situación de suspenso por se acharen nunha das situacións determinadas no artigo 8.2 destas Especificacións, nin a aqueles empregados e empregadas que, cumprindo os requisitos de adhesión, decidisen non adherirse ao plan de pensións.

O promotor poderá realizar achegas extraordinarias ás persoas partícipes, cuxo importe e forma de distribución deberán ser aprobadas, previamente á súa realización, pola Comisión de Control do plan.

Cando unha persoa partícipe cause alta no plan nun momento posterior á constitución do plan, o promotor non estará obrigado a realizar achegas destinadas ao fondo de capitalización pola devandita partícipe ata o ano natural seguinte á alta.

3. As achegas das persoas partícipes poderán ser:

a. Periódicas voluntarias: As persoas partícipes poderán determinar de forma individual a achega que desexen realizar ao plan de pensións, así como a periodicidade con que desexan efectualas (mensual, trimestral, semestral ou anual). A decisión de efectuar o pagamento de achegas periódicas será comunicada pola persoa partícipe á entidade xestora do fondo mediante o correspondente boletín.

Esta achega, cuxo importe será como mínimo o equivalente a 360,60 euros anuais, será realizada directamente pola persoa partícipe a través do cargo na conta que designe.

b. Extraordinarias adicionais. Son aquelas que as persoas partícipes poden realizar á súa vontade, de forma única ou non, e sen necesidade de se acolleren a ningunha frecuencia ou contía preestablecida. A decisión de efectuar o pagamento de achegas extraordinarias será comunicada pola persoa partícipe á entidade xestora do fondo mediante o correspondente boletín e o ingreso da cantidade correspondente na conta do fondo. O importe mínimo da achega extraordinaria será de 150,25 euros.

Dentro de cada ano natural, a contía máxima das achegas ao plan, tanto directas como imputadas a unha persoa partícipe non poderá superar os respectivos límites máximos legais de achegas a un plan de pensións vixentes en cada momento. O límite máximo legal para as achegas directas da persoa partícipe ao plan non afecta o traspaso de dereitos consolidados provenientes doutro plan de pensións.

Se a acumulación das achegas directas ao plan realizadas pola persoa partícipe con outras realizadas pola propia partícipe a outro ou outros plans de pensións ou plans de previsión asegurados superase o límite máximo legal para achegas directas, a persoa partícipe terá que retirar os excesos de achegas do outro plan ou plans.

A entidade xestora queda autorizada a suspender para unha persoa partícipe, dentro de cada ano natural, o réxime de pagamento das achegas periódicas a vencer ou a non tramitar modificacións a este ou novas achegas extraordinarias cando co novo pagamento, xunto coas achegas xa efectuadas por el no ano natural, se supere o mencionado límite, informando diso a persoa partícipe.



Artigo 24. Modificación, suspensión e continuación de achegas

a) **Modificación:** Mediante unha comunicación escrita dirixida á entidade xestora con dous meses de aviso previo, a persoa partícipe poderá modificar o seu sistema de achegas voluntarias en canto ao importe, periodicidade ou crecemento destas, sen efecto retroactivo. As achegas efectuadas ao plan polo promotor imputables a cada partícipe só poderán modificarse cando así o estableza a correspondente revisión actuarial, nos termos previstos nas presentes Especificacións, ou por decisión da Comisión de Control do plan debidamente ratificada polo promotor.

b) **Suspensión:** O promotor poderá suspender o pagamento das achegas correspondentes a unha persoa partícipe conforme o previsto no artigo 8 das presentes Especificacións.

c) A persoa partícipe poderá rehabilitar en calquera momento o pagamento de achegas voluntarias individuais previamente suspendido, a través da correspondente comunicación á entidade xestora. A rehabilitación das achegas do promotor realizaranse desde o ano natural seguinte á desaparición da situación que deu lugar á suspensión da achega do promotor segundo o establecido no artigo 8 das presentes Especificacións.

Artigo 25. Falta de pagamento de achegas

En caso de falta de pagamento das achegas por parte do promotor, a entidade xestora do fondo comunicará á Comisión de Control do plan para que realice os trámites que considere oportunos, sen prexuízo do especificado no punto 1 do artigo 23.

Artigo 26. Comprobación e devolución da contía das achegas

A entidade xestora do fondo poderá comprobar a contía das achegas e, en consecuencia, devolver ao promotor e/ou persoas partícipes, de ser o caso, achegas realizadas por estes nos seguintes casos:

- a) Por exceder as achegas directas, de ser o caso, ou imputadas a unha persoa partícipe nun ano natural os respectivos límites máximos legais.
- b) Por erros administrativos no proceso de cálculo e cobranza das achegas.

O pagamento das devolucións efectuarase ao promotor e/ou partícipes tan pronto se detecte o exceso de achega ou o erro administrativo.

Cando como consecuencia de erros no proceso administrativo de cobranza de achegas voluntarias das persoas partícipes ou de modificación ou suspensión destas resultasen indebidamente cargadas achegas nas contas dos devanditos partícipes, após solicitude destes, a entidade xestora tramitará a súa devolución, sen intereses.



En ningún caso o pagamento da devolución das devanditas achegas terá data de valor retroactiva.

Artigo 27. Dereitos consolidados das persoas partícipes

Coas achegas definidas correspondentes ás prestacións e cos rendementos netos de gastos que estas produzan no fondo constituirase un fondo de capitalización.

Os dereitos consolidados das persoas partícipes estarán formados pola cota parte do fondo de capitalización que corresponda, determinada en función das achegas, directas e/ou imputadas polo promotor, segundo o caso, e as rendas xeradas polos recursos investidos, atendendo, de ser o caso, aos quebrantos e gastos que se producisen.

CAPÍTULO V

RÉXIME FINANCEIRO: PRESTACIÓNS

Artigo 28. Continxencias cubertas polo plan

As continxencias cubertas polo presente plan de pensións, que dan orixe ao pagamento de prestacións, son as seguintes:

a) Xubilación da persoa partícipe. Para a determinación desta continxencia atenderase ao previsto no réxime de seguridade social correspondente ou no da lexislación que lle sexa aplicable.

Cando non for posible o acceso dunha persoa partícipe á xubilación, a continxencia entenderase producida no momento en que a persoa partícipe cumpra os 65 anos de idade, no momento no que a persoa partícipe non exerza ou cesase na actividade laboral ou profesional e non se atope cotizando para a continxencia de xubilación para ningún réxime da seguridade social. No entanto, poderá anticiparse a percepción da prestación correspondente a partir dos 60 anos de idade segundo a lexislación vixente.

Así mesmo poderase percibir a prestación de xubilación no caso de que a persoa partícipe, calquera que for a súa idade, extinga a súa relación laboral e pase á situación legal de desemprego nos casos previstos nos artigos 49.1g), 51,52 e 57.bis do Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores: (1) Morte, xubilación ou incapacidade do empresario ou extinción da personalidade xurídica contratante; (2) Despedimento colectivo por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción (ERE); (3) Extinción do contrato por causas obxectivas; (4) Procedemento concursal; así como naqueles supostos que estableza en cada momento a normativa.

A partir do acceso á xubilación, a persoa partícipe poderá seguir realizando achegas ao plan de pensións. No entanto, unha vez iniciado a cobranza da prestación de xubilación, as achegas só poderán destinarse ás continxencias de falecemento e dependencia. O mesmo réxime aplicarase cando non sexa posible o acceso á xubilación ás achegas que



se realicen a partir da idade ordinaria de xubilación ou a partir da cobranza anticipada da prestación correspondente.

Aquelas persoas partícipes que, conforme o réxime da Seguridade Social, se atopen en situación de xubilación parcial poderán realizar achegas para a xubilación total ou ben cobrar a prestación con motivo da xubilación parcial. Neste último suposto a persoa partícipe só poderá efectuar achegas para a continxencia de falecemento e dependencia.

b) Invalidez: Incapacidade laboral total e permanente para a profesión habitual, incapacidade absoluta e permanente para todo traballo ou grande invalidez, determinadas conforme o réxime correspondente da seguridade social.

c) Dependencia severa ou gran dependencia da persoa partícipe, regulada na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

d) O falecemento da persoa partícipe por calquera causa. Esta continxencia acreditarase mediante o correspondente certificado de defunción.

e) O falecemento dunha persoa beneficiaria por calquera causa que, en función da modalidade de prestación que previamente se definiu, xere o dereito a prestación a favor do seu ou a súa cónxuxe ou parella de feito legalmente recoñecida, fillos ou fillas ou outras persoas herdeiras ou persoas designadas. Esta continxencia acreditarase mediante o correspondente certificado de defunción.

Artigo 28 bis. Suposto excepcional de liquidez

A persoa partícipe poderá dispor anticipadamente do importe dos seus dereitos consolidados correspondente ás achegas realizadas que contén con polo menos dez anos de antigüidade. A percepción dos dereitos consolidados neste suposto será compatible coa realización de achegas a plans de pensións para continxencias susceptibles de acaecerem.

Artigo 29. Prestacións do plan

As prestacións previstas polo plan para cada unha das continxencias cubertas por este serán as seguintes:

a) XUBILACIÓN

O importe da prestación por xubilación corresponderá ao valor dos dereitos consolidados da persoa partícipe, que están formados pola cota parte do fondo de capitalización que lle corresponda, na data da súa liquidación conformado polas achegas do promotor ou voluntarias da persoa partícipe.



b) INCAPACIDADE TOTAL E PERMANENTE PARA A PROFESIÓN HABITUAL

O importe da prestación corresponderá ao valor dos dereitos consolidados da persoa partícipe, que están formados pola cota parte do fondo de capitalización que lle corresponda, na data da súa liquidación.

c) INCAPACIDADE ABSOLUTA E PERMANENTE PARA TODO TRABALLO

O seu importe corresponderá ao valor dos dereitos consolidados da persoa partícipe, que están formados pola cota parte do fondo de capitalización que lle corresponda, na data da súa liquidación.

d) GRANDE INVALIDEZ

O seu importe corresponderá ao valor dos dereitos consolidados da persoa partícipe, que están formados pola cota parte do fondo de capitalización que lle corresponda, na data da súa liquidación.

e) DEPENDENCIA SEVERA OU GRAN DEPENDENCIA

O seu importe corresponderá ao valor dos dereitos consolidados da persoa partícipe, que están formados pola cota parte do fondo de capitalización que lle corresponda, na data da súa liquidación.

f) FALECEMENTO DA PERSOA PARTICIPE

O seu importe corresponderá ao valor dos dereitos consolidados da persoa partícipe, que están formados pola cota parte do fondo de capitalización que lle corresponda, na data da súa liquidación.

Artigo 30. Prestacións das persoas partícipes en suspenso

O importe das prestacións derivadas de calquera das continxencias previstas no plan para as persoas partícipes en suspenso, ou as súas persoas beneficiarias, en caso de falecemento, corresponderá ao valor dos dereitos consolidados da persoa partícipe en suspenso.

Artigo 31. Modalidade de pagamento das prestacións

1. As datas e modalidades de percepción das prestacións, como consecuencia das continxencias indicadas nas presentes especificacións, serán fixadas libremente pola persoa partícipe ou pola beneficiaria, nos termos legalmente establecidos, e coas limitacións que se establecen nas presentes especificacións.



As prestacións poderán ter as seguintes modalidades:

a) **Capital.** O seu importe será igual ao valor dos dereitos económicos da persoa beneficiaria no momento do pagamento da prestación. O pago desta prestación poderá ser inmediato á data da continxencia ou diferido a un momento posterior.

A persoa beneficiaria dunha prestación determinada en forma de capital diferido poderá anticipar o vencemento do capital na súa totalidade.

No caso de optar por unha prestación en forma de capital inmediato, este será aboado nun prazo non superior ao legalmente establecido, desde a recepción pola entidade xestora da documentación correspondente.

b) **Renda financeira,** consistente na percepción de dous ou máis pagamentos sucesivos con periodicidade regular, incluíndo polo menos un pagamento en cada anualidade.

A persoa beneficiaria fixará:

- O importe e periodicidade (mensual, trimestral, semestral ou anual) dos pagamentos.
- A revalorización anual (crecemento acumulativo) da renda.
- A data de inicio de pago da renda, e poderá diferir o inicio da cobranza desta.

A duración da renda determinarase en función da rendibilidade real que obteña o plan de pensións, esgotándose cando se consuma o dereito económico da persoa beneficiaria.

No caso de falecemento da persoa beneficiaria antes do esgotamento do dereito económico, o importe remanente constituirá un novo dereito económico a favor de quen legalmente corresponda.

A persoa beneficiaria poderá solicitar a anticipación de contías ou vencementos da renda, comunicándoo por escrito á entidade xestora. Neste tipo de rendas, a propia persoa beneficiaria asume o risco da obtención da rendibilidade esperada e o plan de pensións non precisa de reservas patrimoniais nin marxe de solvencia.

c) **Rendas aseguradas,** incluíndo polo menos un pagamento en cada anualidade. Estas rendas necesariamente aseguraranse por unha compañía de seguros designada polo promotor do plan de pensións. Nesta modalidade de cobranza, a persoa beneficiaria percibirá unha renda equivalente ao valor dos seus dereitos económicos no plan de pensións, de acordo coa tarifa de primas da compañía de seguros para cada tipo de rendas e os gastos repercutibles en concepto de comisións de xestión e depósito.

Este tipo de rendas non poden alterarse por solicitude da persoa partícipe unha vez contratadas. Así mesmo, se se contratan con reversión, supoñen a imposibilidade de revogación das persoas beneficiarias designadas para a reversión, así como a imposibilidade de mobilizar os dereitos económicos que se deriven destas.

Ao se atopar asegurada esta modalidade de rendas por unha entidade aseguradora que asumirá as posibles desviacións de supervivencia ou de interese, o plan de pensións non precisará constituír por elas reservas patrimoniais nin marxe de solvencia.

d) **Mixtas.** É unha combinación dun único pagamento en forma de capital, con rendas de calquera das dúas modalidades anteriores. En calquera caso, só terá a consideración de capital aquel expresamente solicitado como tal pola persoa beneficiaria no momento de se recoñecer a prestación polo plan de pensións.



e) Prestacións distintas das anteriores en forma de pagamentos sen periodicidade regular, logo da aceptación por parte da entidade xestora.

As datas e modalidades de percepción das prestacións serán, con carácter xeral, fixadas e modificadas libremente pola persoa partícipe ou a persoa beneficiaria, agás disposición en contrario nas presentes Especificacións e sempre que se cumpran os requisitos e limitacións establecidas nestas.

Para estes efectos, as limitacións establecidas para o pagamento deste tipo de prestacións sen periodicidade regular son as seguintes:

- Permitirase un máximo de TRES (3) pagamentos anuais cuxo importe mínimo deberá ser de 600 euros. No caso de que o saldo residual mínimo do plan de pensións sexa inferior á devandita cantidade, o pagamento deberá liquidar a totalidade do remanente no plan.
- O aboamento efectuarase na conta á vista designada pola persoa beneficiaria dentro dos cinco primeiros días hábiles do mes seguinte á aprobación de aboamento pola entidade xestora do plan de pensións.

Respecto das rendas do punto anterior:

- Nas rendas do tipo b), a propia persoa beneficiaria asume o risco da obtención da rendibilidade esperada e o plan non precisa reservas patrimoniais nin marxe de solvencia.
- As rendas do tipo c) necesariamente estarán aseguradas, polo que o plan tampouco precisará constituír por elas reservas patrimoniais nin marxe de solvencia. A elección dunha renda deste tipo comporta a renuncia da persoa partícipe ou beneficiaria a revogar ou alterar a designación de beneficiarias.

2. Os dereitos económicos das persoas beneficiarias non poderán mobilizarse agás por terminación do plan de pensións.

3. As prestacións do plan de pensións terán o carácter de pecuniarias.

4. En caso de cobranza parcial dos dereitos consolidados para o seu pagamento, seleccionaranse os dereitos consolidados correspondentes ás achegas con maior antigüidade, agás se se solicitase a cobranza en forma de renda financeira, en cuxo caso seleccionaranse as achegas con menor antigüidade. No caso de existiren achegas anteriores ao 1 de xaneiro de 2007, o cliente deberá incluír na solicitude a indicación referente a se os dereitos consolidados que desexa percibir corresponden a achegas anteriores ou posteriores á devandita data.

Artigo 32. Procedemento e recoñecemento do pagamento das prestacións

1. Producida a continxencia determinante dunha prestación, a potencial persoa beneficiaria porao en coñecemento da entidade xestora do fondo, debendo acompañar a información necesaria e a documentación acreditativa do seu dereito á prestación que lle sexa requirida, para o efecto, pola entidade xestora.



2. As situacións de xubilación e invalidez deberán ser acreditadas mediante a certificación do órgano a quen en cada caso corresponda decretar ou recoñecer tales situacións.

3. O falecemento da persoa partícipe acreditarase mediante o correspondente certificado de defunción.

4. A documentación referida será examinada pola entidade xestora, a cal poderá solicitar cantos datos complementarios estime necesarios.

5. A entidade xestora notificará á potencial persoa beneficiaria o recoñecemento do seu dereito á prestación ou á denegación, de ser o caso, no prazo máximo legalmente establecido desde a recepción de toda a documentación. A denegación deberá ser motivada. Igual notificación cursará de forma simultánea á Comisión de Control do plan, a quen corresponde a supervisión do cumprimento das normas deste plan.

6. Para calquera reclamación que as potenciais persoas beneficiarias poidan formular, dirixiranse á Comisión de Control do plan, a través do seu secretario ou secretaria, quen os incluírá na orde do día da primeira reunión que se realice. A reunión da Comisión de Control do plan deberá realizarse no prazo máximo dun mes desde a recepción da reclamación. Do acordo que se adopte ao respecto darase traslado á persoa beneficiaria, así como á entidade xestora do fondo.

Artigo 33. Certificados de percepción de prestacións

1. No peche de cada ano natural, a entidade xestora do fondo remitirá ás persoas beneficiarias un certificado no que indicará o importe da prestación percibida durante o ano, así como as retencións practicadas a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

2. Así mesmo, se a persoa beneficiaria opta pola cobranza dunha prestación en forma de renda, a entidade xestora do fondo entregaralle un certificado acreditativo da súa condición no que se especificarán as características (duración, forma de cobranza, revalorización...) e contía da renda. Se a renda está asegurada indicárase tamén a denominación da entidade aseguradora e o número de contrato de seguro que garante ao plan a cobertura da prestación.

CAPÍTULO VI

ORGANIZACIÓN E CONTROL

Artigo 34. A Comisión de Control do plan

1. O funcionamento e execución do plan de pensións serán supervisados por unha comisión de control, formada por representantes do promotor, partícipes e, de ser o caso,



das persoas beneficiarias, de forma que se garanta a presenza de todos os intereses, respectándose en todo momento unha representación paritaria do promotor (do 50%).

Os representantes das persoas partícipes exercerán a representación das persoas beneficiarias do plan de pensións.

2. A Comisión de Control —e, de ser o caso, a comisión promotora— estará composta por 6 membros, de acordo coa seguinte repartición:

- Polo promotor: 3 membros.
- Polas persoas partícipes: 3 membros.

3. O cargo de membro da Comisión de Control será gratuíto.

Artigo 35. Funcións da Comisión de Control

A Comisión de Control do plan terá as seguintes funcións:

- a) Supervisar o cumprimento das cláusulas do plan en todo o que se refire aos dereitos das súas e os seus partícipes e beneficiarios.
- b) Seleccionar o actuario ou actuarios que deban certificar a situación e dinámica do plan.
- c) Nomear os representantes da Comisión de Control do plan na Comisión de Control do fondo de pensións ao que estea adscrito.
- d) Propor e, de ser o caso, decidir nas demais cuestións sobre as que a Lei 8/1987 de plans e fondos de pensións lle atribúe competencia.
- e) Representar xudicial e extraxudicialmente os intereses das persoas partícipes e beneficiarias en relación co plan de pensións.

Artigo 36. Elección dos membros da Comisión de Control e da comisión promotora

1. Os representantes do promotor na Comisión de Control e na comisión promotora do plan serán designados directamente por este, podendo ser removidos en calquera momento, realizándose a oportuna comunicación á Comisión de Control ou á comisión promotora respectivamente.

2. Os representantes das persoas partícipes na Comisión de Control e na comisión promotora do plan serán designados por acordo da maioría dos representantes dos traballadores (Xunta de Persoal).

Estes representantes poderán ser removidos en calquera momento como consecuencia de procesos electorais dos citados representantes dos traballadores, realizándose a oportuna comunicación á Comisión de Control ou á comisión promotora, respectivamente. En todo caso, as devanditas designacións terán unha duración máxima de 4 anos.



3. Sen prexuízo do anterior, cando o número de partícipes que cesasen a relación laboral co promotor e de persoas beneficiarias supere o 20 % do colectivo total do plan deberá designarse polo menos un membro da Comisión de Control que pertenza a estas. Así mesmo, a súa designación deberá realizarse mediante un proceso electoral sempre que o soliciten, polo menos, un terzo destas. No caso de se dar a referida circunstancia, a Comisión de Control incorporará a regulación do proceso electoral nun prazo non superior a dous meses desde a referida solicitude.

Artigo 37. Duración do cargo de membro da Comisión de Control.

A duración do cargo electo de membro da Comisión de Control será dun máximo de 4 anos, podendo ser reelixido.

Artigo 38. Funcionamento da Comisión de Control.

1. A Comisión de Control designará un presidente ou presidenta a quen corresponderá convocar as súas sesións, dirixir as deliberacións e asumir a representación desta. O voto do presidente ou presidenta será de calidade en caso de empates, con independencia da maioría requirida para a adopción do acordo de que se trate. O cargo de presidente recaerá sempre nun dos membros representantes do promotor.

2. Así mesmo, designará un secretario ou secretaria que levantará unha acta das sesións e levará os libros de actas. O cargo de secretario recaerá sempre nun dos membros representantes das persoas partícipes.

3. As reunións da Comisión de Control poderán levarse a cabo por videoconferencia.

1. A Comisión de Control quedará validamente constituída cando, debidamente convocada, estean presentes polo menos a metade máis un dos seus membros. A representación dun membro na Comisión de Control só poderá ser delegada noutro membro desta.

2. Os acordos da Comisión de Control adoptaranse, polo menos, por maioría simple dos seus membros presentes e representados, sen prexuízo do que se establece no capítulo VII deste regulamento.

No entanto, os acordos e decisións que afecten a política de investimento do fondo de pensións incluírán, polo menos, o voto favorable da metade dos representantes das persoas partícipes na Comisión de Control.

Alén diso, as decisións que afectan o custo económico asumido pola empresa incluírán, polo menos, o voto favorable da metade dos representantes do promotor na Comisión de Control.



5. A Comisión de Control reunirase, polo menos, dúas veces cada ano e cando así o soliciten, como mínimo, o 25 % dos seus membros.

CAPÍTULO VII

MODIFICACIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 39. Modificación do plan de pensións

1. A modificación do presente Regulamento do plan de pensións poderá realizarse por pedimento de, polo menos, o 25 % dos membros da súa Comisión de Control.

2. A proposta de modificación requirirá:

a) Un ditame previo favorable dun actuario, sempre que a devandita modificación afecte o sistema financeiro do plan.

b) Que o acordo sexa tomado por maioría simple, agás que o devandito acordo implique unha modificación na contía das achegas do plan, en cuxo caso terá que ser tomado co voto favorable de polo menos o 75 % dos membros da Comisión de Control.

3. En todo caso, calquera cambio ou modificación que afecte as bases económicas do plan ou a contía da contribución e outras obrigas do promotor non terá efecto ata que o devandito acordo sexa ratificado polo promotor.

Artigo 40. Terminación do plan de pensións

1. Serán causas para a terminación e posterior liquidación do presente plan de pensións:

a) O acordo de liquidación do plan tomado por polo menos o 75 % dos membros da Comisión de Control.

b) Calquera causa legalmente establecida.

2. En todo caso, serán requisitos previos para a terminación do plan a garantía individualizada das prestacións causadas e a integración dos dereitos consolidados das persoas partícipes noutro plan de pensións.

Artigo 41. Normas para a liquidación do plan de pensións

Decidida a terminación do plan de pensións, a súa liquidación definitiva realizarase de acordo coas seguintes normas:

a) A Comisión de Control do plan comunicará a terminación do plan a todas as persoas partícipes e beneficiarias cunha antelación de tres meses.



- b) Durante o devandito período de tres meses as persoas partícipes deberán comunicar á Comisión de Control do plan a que plans desexan trasladar os seus dereitos consolidados.
- c) Durante o mesmo período, as persoas beneficiarias deberán comunicar á Comisión de Control do plan a que plans desexan trasladar os seus dereitos derivados das prestacións causadas.
- d) Se chegada a data de terminación do plan algunha persoa partícipe ou beneficiaria non comunicase á Comisión de Control o indicado nas anteriores alíneas b) e c), procederase ao traslado dos seus dereitos consolidados ou derivados a outro plan de pensións que fose seleccionado pola Comisión de Control.
- e) Unha vez trasladados os dereitos consolidados de todas as persoas partícipes e os dereitos derivados das persoas beneficiarias, a Comisión de Control do plan comunicará á entidade xestora do fondo ao que estaba adscrito a terminación definitiva do plan.
- f) Finalmente, a Comisión de Control do plan procederá á súa disolución.

CAPÍTULO VIII

INSTANCIAS DE RECLAMACIÓN

Artigo 42. Instancias de reclamación

Corresponde á Comisión de Control a tutela e protección dos dereitos das persoas partícipes e beneficiarias dos plans de pensións, debendo coidar que tales dereitos sexan respectados polo promotor do plan, así como a xestora e a depositaria do fondo de pensións, e actuar de conformidade cos principios de boa fe, equidade e confianza recíproca.

As persoas partícipes e beneficiarias de plans de pensións poden dirixir as súas reclamacións á Comisión de Control, cando estimen que na actuación das entidades promotora, aseguradora ou xestora sufrisen un tratamento negligente, incorrecto ou non axustado a dereito.

As reclamacións presentaranse por escrito, debidamente asinadas pola persoa reclamante ou a súa representante legal. Nas reclamacións necesariamente farase constar o nome, apelidos, número do DNI ou, na súa falta, os datos do documento que acredite fidedignamente a personalidade da persoa reclamante, así como o seu domicilio e o nome do plan de pensións do que é partícipe ou beneficiaria.



Así mesmo, a entidade xestora pon ao dispor dos seus clientes e clientas o seu servizo de atención ao cliente en Avenida da Marina nº1, 3º, 15001 A Coruña, correo electrónico: sacvidaypensiones@abancaseguros.com

O antedito servizo atenderá e resolverá conforme a normativa vixente, no prazo máximo dun mes desde a súa presentación, as queixas e reclamacións expostas directamente ou mediante representación acreditada por todos as persoas partícipes ou beneficiarias do plan de pensións, cando estas se refiran a intereses e dereitos legalmente recoñecidos relacionados co desenvolvemento do plan, xa deriven destas Especificacións, da normativa reguladora dos plans e fondos de pensións, da normativa de transparencia e protección da clientela ou das boas prácticas e usos, en particular do principio de equidade.

As queixas e reclamacións presentaranse por escrito en calquera das oficinas da entidade, por correo ou por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos, sempre que estes permitan a súa lectura, impresión e conservación e respondan aos requisitos e características legais establecidas no Regulamento do servizo de atención ao cliente de ABANCA VIDA.

Unha vez obtida a resolución e esgotada a vía de reclamación ante o servizo de atención ao cliente, en caso de manter a súa desconformidade co resultado do pronunciamiento ou transcorrendo un mes desde a data de recepción sen que o devandito servizo resolverse, poderá a persoa reclamante presentar a súa reclamación ante o servizo de reclamacións da Dirección Xeral de Seguros e Plans de Pensións en Paseo de la Castellana, 44, 28046 Madrid, ou na web www.dgsfp.mineco.es/reclamaciones cuxas decisións, no entanto, non son vinculantes. Igualmente, poderá sometelas aos servizos de mediación e/ou arbitraje e aos xulgados e tribunais competentes.

Nas oficinas de ABANCA, S.A., abertas ao público e na súa páxina web correspondente os seus clientes, persoas usuarias ou prexudicadas atoparán ao seu dispor un modelo de impreso de reclamación, así como o regulamento para a defensa do cliente correspondente, que regula a actividade e o funcionamento do servizo de atención ao cliente e as características e requisitos de presentación e resolución de queixas e reclamacións.

Nas resolucións teranse en conta as obrigas e dereitos establecidos na normativa reguladora dos plans e fondos de pensións e a normativa de transparencia e protección dos clientes de servizos financeiros (Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, Real Decreto 304/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de plans e fondos de pensións, Lei de reforma do sistema financeiro, Lei de institucións de investimento colectivo, RD 303/2004, do 20 de febreiro, e Orde ECO 734/2004, do 11 de marzo, Lei e Regulamento para a defensa de consumidores e usuarios, Lei de condicións xerais da contratación e todas as disposicións que no futuro as modificaren ou substituíren).



Disposición transitoria primeira

Como consecuencia da entrada en vigor do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público durante o exercicio 2012, as administracións públicas non poderán realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación.

Dado que, no presente plan de pensións, a prestación de xubilación das persoas partícipes pertencentes ao colectivo A se atopa garantida a través dunha póliza de seguro e a prima correspondente ao exercicio 2012 non vai ser desembolsada, o importe correspondente á referida prestación de xubilación deberá ser recalculado, polo que o importe da provisión matemática na data de xubilación verase minorado no importe equivalente á capitalización ata a data de xubilación das primas non desembolsadas segundo o plan de pagamentos de primas definido na póliza.

Disposición transitoria segunda

Durante o ano 2023 o colectivo A de persoas partícipes, suxeitas a un sistema mixto de achegas e prestacións definidas, esgotouse ao non quedar ningún empregado ou empregada partícipe do plan que reúna as condicións identificadas en anteriores versións deste regulamento. Por tanto, en todos os puntos destas especificacións relacionados coas persoas partícipes en vigor e novas partícipes que se adhiran ao plan serán equiparados ás persoas partícipes do colectivo B, eliminando a referencia a este.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2025

María Elena
Candia López,
Vicepresidenta 1ª
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

Firmado digitalmente por María Elena
Candia López, Vicepresidenta 1ª
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=María Elena Candia López,
Vicepresidenta 1ª,
email=elena.candia.lopez@parlamento
deg Galicia.es
Fecha: 2025.03.14 10:59:51 +01'00'



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª na data 14/03/2025 10:59:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 14/03/2025 11:01:42
Nº Rexistro: 6006
Data envío: 14/03/2025 11:01:42,746

CSV: REXPG-2cmq9F24O-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/03/2025 11:01:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 14/03/2025 11:01:42
Nº Rexistro: 6006
Data envío: 14/03/2025 11:01:42.746

CSV: REXPG-2cmq9F24O-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

